



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE XULLO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día dez de xullo de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Considerando que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 4 de xullo de 2014, acordou realizar o investimento denominado "Pavimentado das rúas da Guarda II" ó abeiro do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, solicitando para elo unha subvención de 118.661,41 euros, e

Resultando que, por interese xeral, considérase prioritario o pago a acredores

A Xunta de Goberno Local ACORDA:

a) Modificar o acordo adoptado na sesión celebrada o día 4 de xullo de 2014 quedando do seguinte xeito:

Vistas as Bases do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Realizar o investimento denominado "Pavimentado das rúas de A Guarda II".

2.- Aprobar o proxecto denominado "Pavimentado das rúas de A Guarda II".



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 113.422,59 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidde dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

b) Adoptar o seguinte acordo:

Vistas as Bases do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado "Pagamento a acreedores de investimentos".
- 2.- Aprobar o proxecto denominado "Pagamento a acreedores de investimentos".
- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 5.238,82 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidde dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

A Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de data 16 de maio de 2014 polo que sea aprobaban as cotas do Servizo de Axuda á Domicilio correspondentes ó mes de abril de 2014 de tal xeito que queda como sigue:

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de ABRIL de 2014 cuio importe total ascende a cantidade de 815,91 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación dos servizos e realización de actividades na Piscina Municipal a sometela á información pública mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA PISCINA MUNICIPAL

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De acordo co disposto no artigo 127 e 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais este Concello establece o Prezo Público pola prestación de servizos e realización de actividades na piscina municipal.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades desenvolvidas na piscina municipal.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza as persoas ou entidades que soliciten ou que se beneficien da prestación de servizos ou realización de actividades a que se refire o artigo 1.

ARTIGO 4.- CONTIA DAS ACTIVIDADES GRAVADAS

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na Tarifa contida no apartado seguinte para cada un dos distintos servizos ou actividades.

A tarifa do prezo público será a seguinte:

| ABONADOS | COTA/MES | MATRÍCULA |
|---|----------|------------|
| Abonado individual | 26,03 | 16,53 |
| Abonado familiar (incluidos hijos hasta 17 años) | 35,54 | 16,53 |
| Complemento Abonado Familiar (hijos de 18 a 21 años incluidos) | 6,61 | |
| Abonado Juvenil (hasta 24 años incluidos) | 18,18 | 16,53 |
| Abonado reducido o social (colectivos desfavorecidos) | 15,70 | |
| ACTIVIDADES ACUÁTICAS Y FITNESS (por cada sesión a la semana) | ABONADO | NO ABONADO |
| Actividades acuáticas niños | 4,96 | 9,92 |
| Actividades acuáticas adultos | 5,79 | 11,57 |
| Actividades de fitness | 6,61 | 13,22 |
| Tarifa plana actividades acuáticas | 13,22 | 26,45 |
| Cursos de natación bebés | 7,44 | 14,88 |
| OTRAS TARIFAS | ABONADO | NO ABONADO |
| Entrada individual adulto (piscina, gimnasio y zona relax) | 4,96 | |
| Entrada individual infantil (piscina) niños hasta 15 años incluidos | 2,48 | |
| Bono de 10 entradas adulto | 41,32 | |
| Bono de 10 entradas piscina infantil | 20,66 | |
| Cursos del programa de natación escolar (1 día a la semana) | 7,44 | |
| Alquiler de calle de piscina (nº de calles: 1 - sesión de 45 minutos) | 9,92 | |
| Actividades individualizadas (precio monitor/hora) | 18,18 | |
| Sesión solarium | 3,31 | 4,96 |
| Masaje parcial | 11,57 | 14,88 |
| Masaje completo | 19,83 | 23,14 |
| Devolución de recibos (por cada recibo devuelto) | 0,83 | |
| Mal uso o extravío de tarjeta de identificación | 2,48 | |

Este prezo irá recargado coa correspondente cota do Imposto sobre o Valor Engadido.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 5. NORMAS DE XESTIÓN

1. A matrícula pagarase ao darse de alta tanto abonados novos como antigos que se deron de baixa.

2. Para poder practicar a inscrición o usuario, deberá achegar a documentación seguinte:

- DNI orixinal para comprobar a identidade do que realiza a inscrición.
- Libro de Familia para os abonos familiares. Inclúense nos mesmos os fillos menores de 18 anos.
- Parellas de feito: certificado de convivencia
- Os abonos reducidos ou sociais acreditarán dita situación a través dun certificado dos servizos sociais do concello.
- Numero de conta para a domiciliación dos recibos.

2. Os abonos e cotas de curso aboaranse ao contado no momento de practicarse o alta, domiciliándose os recibos seguintes na conta bancaria achegada polo usuario. Dita domiciliación realizarase nos cinco últimos días do mes anterior ao período de pago.

3. As entradas libres, bonos, alugueres, masaxes e solarium, aboaranse ao contado no momento de solicitar a prestación do servizo.

4. A renuncia a participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución da cota correspondente

5. A falta de pago da cota conlevará a baixa automática no servizo correspondente solicitado.

6. As baixas de curso e de abonado realizaranse por escrito na recepción da instalación antes do día 22 do mes en curso. De non facelo o servizo renovarase automaticamente.

7.- As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo esixiranse por Vía de Prema de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde á súa modificación ou derogación expresa.

Lese o escrito RE 4.006 de data 8 de xullo de 2014 presentado por D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ MORAIS, en representación da Sociedade Atlética do Trega, con domicilio en rúa Couto, nº 19 da Guarda, solicitando para as carreiras populares do día 2 de agosto:

- Peche total das rúas polas que discorre a proba e vallas.
- Colaboración da Policía Local, Protección Civil e asistencia de ambulancia.
- pavillón da Sangriña.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, se ben a ambulancia non disporá de médico.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XUÑO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 3.960 de data 4 de xullo de 2013, presentado por C.E.I.P. MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, xuntando solicitudes para a utilización do pavillón escolar durante o curso 2014/2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 2.- URBANISMO

Vista a solicitude RE 5.695 de data 21 de outubro de 2013 presentada por D. RAMÓN VERDE RODRÍGUEZ, con domicilio na rúa Oliva, nº 14-2º da Guarda, solicitando licenza para a construción de vivenda unifamiliar na Carretera de Camposancos (parcelas 5 e 9 do Polígono 35 do Castastro de rústica) e

Visto o informe elaborados polo arquitecto municipal o día 19 de marzo de 2014 que textualmente di:

“4.- CONCLUSIÓN.

4.1. Por todo o exposto anteriormente, o informe técnico considérase desfavorable en tanto non se axuste o parámetro de ocupación ó indicado neste informe.

4.2. Os servizos xurídicos valorarán as alegacións presentadas.”

Visto o informe elaborado polo asesor xurídico do Concello o día 9 de xullo de 2014 que textualmente di:

*“1º.- Rexeitar as alegacións formuladas por D. Ramón Verde Rodríguez en canto a que a parcela edificable debe considerarse como parcela bruta, indicándolle que tal concepto refírese á parcela neta tal como se define no PXOU municipal de A Guarda, indicándolle os motivos contidos neste informe que **nos levan a tal conclusión. Asimesmo deberá requirirse o Sr. Verde para que proceda á inscrición no Rexistro da Propiedade da maior superficie da súa parcela** e que en tanto non subsane os defectos detectados non procede a concesión da licenza de obras solicitada, facendo mención ós recursos que pode entablar contra o acordo que se lle notifique.”*

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Rexeitar as alegacións presentadas por D. Ramón Verde Lomba con data 11 de marzo de 2014 (RE nº 1.290) de acordo cos informes sinalados e que se lle remitirán ó interesado xunto con este acordo co réxime de recursos procedentes

Sendo as dez horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.